

ESPAZOS NATURAIS E LUGARES PROTEXIDOS EN HOLANDA

Algúns dos espazos protexidos son os seguintes:

1- Parque Nacional De Hoge Veluwe.

Considérase o espazo protexido máis grande que ten Holanda. O parque está cheo de brazais* e bosques de folla caduca (*que ten pouca duración*) A súa fauna e flora son extensas . Hai bosques de piñeiros, carballos, faias que se atopan nun terreo chá cuberto de matorrais, estanques e dunas. Tamén respecto á súa fauna , no parque viven máis de cen especies como o xabaril, o cervo, muflóns e corzos.



MUFLÓN



Este parque foi conservado, a principios do século dezanove , polo matrimonio KRÖLLER- MÜLLER, quen tivo a idea de xuntar cultura con natureza. Por iso, ademais de flora e fauna, o parque conta con 3 museos. Deste xeito, os visitantes poden facer percorridos en bicicleta e disfrutar da natureza ao mesmo tempo que poden mirar obras de arte.

*Brazal =percorrido dun río ; canle

2- Parque Nacional de Biesbosch.

É un dos parques máis grandes dos Países Baixos e unha das derradeiras zonas de auga doce que quedan en Europa. Está formado por pantanos, ríos e regatos* grandes e pequenos , bosques de salgueiros (*árbore de zonas húmidas*) e campos de cana..



Ten zonas moi húmidas que son moi importantes para as aves acuáticas. Dispón dunha grande flora e fauna formada por faisáns, garzas, londras, castores, entre outros. Podes ir de paseo a pé , en bicicleta ou en canoa



FAISÁN



LONDRA



GARZA



CASTOR

* Regato = curso de auga moi pouco abundante

3- Parque Nacional de Schiermonnikoog

Schiermonnikoog é unha illa pero tamén é un parque nacional do norte de Holanda. Recibe moitos turistas xa que ten un camping, un porto para pequenos barcos, praias, centos de casas para pasar as vacacións e hoteis . A forma máis común de desprazarse pola illa é en bicicleta xa que hai carrís bici. A illa dispón dunha importante reserva natural no que está prohibido a visita durante a época de reprodución de moitas aves que hai alí. Aquí pódese atopar a metade das plantas e flores holandesas e tamén aves migratorias que pasan por aquí dúas veces ao ano para descansar e alimentarse.



4- Parque natural de Lelystad.

É unha zona de conservación de animais como o bisonte, reno, cervos, cabalos, alces, cegoñas, grúas, etc



BISONTE



GRÚA



1- Une cada animal co nome que lle corresponde:



LONDRA



CASTOR



GARZA



FAISÁN



BISONTE

GRÚA



MUFLÓN



2- Clasifica os seguintes animais no parque que lle corresponda:

CORZO

GARZA

MUFLÓN

GRÚA

BISONTE

CEGOÑA

LONDRA

FAISÁN

CASTOR

ALCE

RENO

XABARIL

BIESBOSCH

LELYSTAD

DE HOGE VELUWE